

## ANUNCIO

Tramitado expediente para a selección dunha dunha persoa “prospectora e orientadora laboral”, para a execución con carácter temporal e non permanente do Programa Integrado de Emprego do Concello, dirixido á mellora da ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego ao abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade o 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023 publicada o 28 de xuño de 2023 no DOG Núm. 122, **o prazo de presentación de solicitudes será de 2 días hábiles (11 e 12 de xaneiro)** a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio.

Na sede electrónica deste Concello ([salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/](http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/)) e con carácter complementario na páxina web (<http://salcedadecaselas.gal/>), aparecen integramente publicadas as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do Concello.

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía de Salceda de Caselas, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

